



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE PARA ADAPTACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO AO ENS ,aprobado por O Real Decreto 311/2022, de 3 de maio.

POLÍTICA DE SEGURIDADE

1 INTRODUCCIÓN

O Concello de Pontevedra depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicacións) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou dos servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, a integridade, a autenticidade e a rastrexabilidade da información e da prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, na integridade, na dispoñibilidade, no uso previsto e no valor da información e dos servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións do contorno para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a que se recibe ata que retira do servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas e nos



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

pregos de licitación para proxectos de TIC.

2 MISIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO

O Concello de Ponteceso promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da poboación, para xestionar os seus intereses e as funcións e as competencias que ten atribuídas en diferentes normas ou convenios. Para iso pon ao dispor da poboación trámites en liña co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos establecendo novas vías de participación que garantan o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e da eficiencia da acción pública.

Por outra banda, trátase de potenciar o uso das novas tecnoloxías na Administración e na cidadanía. Os principais obxectivos son fomentar a relación electrónica da cidadanía coa Administración e crear a confianza necesaria entre a cidadanía e a Administración nesta relación.

3 ALCANCE

Esta Política de Seguridade da Información (en adiante, Política) aplicarase aos sistemas de información do Concello de Ponteceso que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do ENS.

5. MARCO NORMATIVO

A base normativa que afecta o desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Ponteceso no que se refire á administración electrónica e que implica a implantación de forma explícita de medidas de seguridade nos sistemas de información, está constituída pola seguinte lexislación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade
- Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

- Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade
- Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de informe do estado da seguridade
- Resolución do 27 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado da Función Pública, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de auditoría da seguridade dos sistemas de información
- Resolución do 13 de abril de 2018, da Secretaría de Estado da Función Pública, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de notificación de incidentes de seguridade
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD)
- Lei 36/2015, do 28 de setembro, de seguridade nacional
- Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza
- Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014 relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza nas transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE (regulamento eIDAS)
- Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara ao Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada como Laboratorio depositario do patrón nacional de tempo e laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía
- Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico
- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o Documento



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Nacional de Identidade e os seus certificados de firma electrónica

- Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións
- Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información
- Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e dos medios de comunicación social
- Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público para o ámbito do sector público estatal
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro electrónico de facturas no sector público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español
- Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (Vixente nos apartados sinalados na Disposición derogatoria única da Lei 11/2022, do 28 de xuño)
- Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións (segundo a Disposición final sexta (entrada en vigor)



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

- Resolución 205/2019 polo que se aproba o selo electrónico e se regulan as actuacións administrativa automatizadas de forma electrónica
- Acordo plenario do 26.03.20212 para creación e delegación da xestión e administración da sede electrónica do Concello de Ponteceso.

Tamén forman parte do marco normativo as restantes normas aplicables á Administración electrónica do Concello de Ponteceso derivadas das anteriores e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación desta Política.

O mantemento do marco normativo será responsabilidade do Concello de Ponteceso e manterase nun anexo a este documento. Incluirá as instrucións técnicas de seguridade de obrigado cumprimento, publicadas na Resolución da Secretaría de Estado das Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a proposta do Comité Sectorial de Administración Electrónica e a iniciativa do Centro Criptolóxico Nacional (CCN), tal e como se establece no real decreto.

O Concello de Ponteceso tamén será responsable de identificar as guías de seguridade do CCN referenciadas no artigo, que serán de aplicación para mellorar o cumprimento do establecido no ENS.

5 CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Ponteceso puxo en funcionamento diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e dos servizos que hai que protexer tendo en conta a categoría dos sistemas afectados, para lograr o cumprimento do Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e os requisitos mínimos.

A seguridade como un proceso integral e un mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos relacionados co sistema. Este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural, presidirá a aplicación do ENS ao Concello de Ponteceso. Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que interveñen no proceso e aos seus responsables xerárquicos, para evitar que a ignorancia, a falta de organización de coordinación ou



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

instrucións inadecuadas constitúan fontes de risco para a seguridade. Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

- a) O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización alcance os seus obxectivos de competencia ou contractuais.
- b) As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias e deberanas desenvolver as persoas autorizadas desde emprazamentos ou equipos tamén autorizados. De ser o caso, poderanse esixir restricións de horario e puntos de acceso facultados.
- c) Nun sistema de explotación eliminaranse ou desactivaranse mediante o control da configuración as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema ha de ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira dun acto consciente por parte do usuario.
- d) Aplicaranse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas ás categorías do sistema para o efecto de eliminar ou desactivar as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas.

Vixilancia continua, reavaliación periódica e Integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Ponteceso permitirá detectar a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta. A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade reavaliaranse e actualizaranse periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e dos sistemas de protección e poderase chegar a unha reconsideración da seguridade, se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema ou a súa modificación requirirá a autorización formal previa. A avaliación e a monitorización permanentes permitirán adecuar o estado de seguridade dos sistemas atendendo ás deficiencias de configuración, ás vulnerabilidades identificadas e ás actualizacións que lles afecten, así como á detección temperá de calquera incidente que se produza neles.



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso aplicaranse os criterios e ois métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo o persoal, propio ou alleo relacionado cos sistemas de información do Concello de Pontevedra dentro do ámbito do ENS será formado e informado dos seus deberes, das súas obrigas e das súas responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que se seguen os procedementos establecidos.

O significado e o alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmarase nunhas normas de seguridade que aprobará a dirección ou o órgano superior correspondente. De igual modo, determinaranse os requisitos de formación e a experiencia necesaria do persoal para o desenvolver o seu posto de traballo. Persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida (planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento) atenderá, revisará e auditará a seguridade dos sistemas de información.

De maneira obxectiva e non discriminatoria esixirase que as organizacións que proporcionan servizos contén con profesionais cualificados e cuns niveis idóneos de xestión e madurez dos servizos prestados. Xestión da seguridade baseada nos riscos, análises e xestión de riscos

Xestión da seguridade baseada nos riscos, na análise e na xestión de riscos

A análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dun contorno controlado, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a estes niveis realizarase mediante unha apropiada aplicación de medidas de seguridade de maneira equilibrada e proporcionada á natureza da información tratada, dos servizos que hai que prestar e dos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase por medio da análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen perxuízo do establecido neste modelo de gobernanza



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

empregarase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Ponteceso dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade acordo co previsto no artigo 33 do Real decreto 311/2022, coa Instrución técnica de seguridade correspondente e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análises e resolución, así como dos condutos de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección e resposta co obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que presta.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes para disuadir ou reducir a superficie de exposición e deben eliminar ou diminuír a posibilidade de que as ameazas se materialicen.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciberincidente.

As medidas de resposta xestionaranse en tempo oportuno, estarán orientadas a restaurar a información e os servizos que puidesen estar afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantizará a conservación dos datos e a información en soporte electrónico.

De igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital a través dunha concepción e de procedementos que sexan a base para preservar o patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e de prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Ponteceso implementou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas de tal forma que, cando unha capa sexa comprometida, permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non se puideron evitar, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

seu conxunto e minimizando o impacto final.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente cando o sistema do Concello se conecta a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución técnica de seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Ponteceso organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación designando roles de seguridade con responsabilidades claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado “MODELO DE GOBERNANZA” deste presente documento.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Ponteceso implementou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo ás persoas usuarias, aos procesos, aos dispositivos e a outros sistemas de información debidamente autorizados e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións

O Concello de Ponteceso implementou mecanismos de control de acceso físico, previndo os accesos físicos non autorizados, así como os danos á información e aos recursos mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para adquirir produtos ou contratar servizos de seguridade, o Concello de Ponteceso terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e ao nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da adquisición.

Para a contratar servizos de seguridade atenderá ao sinalado en canto á profesionalidade.



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade

O Concello de Ponteceso prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dos dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e a conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación do Real decreto 311/2022, cando iso sexa esixible.

Toda información en soporte non electrónico que fose causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire ese Real decreto deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade. Para iso, aplicaranse as medidas que correspondan á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.

Os sistemas disporán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Ponteceso rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorizar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en cada momento á persoa que actúa, con plenas garantías do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados e de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral e demais disposicións que resulten de aplicación, co propósito de satisfacer o obxecto do Real decreto 311/2022.

O Concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes unicamente para os fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e aos sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución mal intencionada de código daniño así como outros danos ás anteditas redes e sistemas de información, co obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos e o respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados

Cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba en todo momento quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son eses dereitos e quen realizou unha determinada actividade, ara corrixir ou, de ser o caso, esixir responsabilidades.

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Ponteceso terá en conta que utilizar infraestruturas e servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto no Real decreto 311/2022 real decreto.

Perfís de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Ponteceso terá en conta aqueles perfís de cumprimento específicos para entidades locais que sexan de aplicación.

6 MODELO DE GOBERNANZA

O Concello de Ponteceso designará roles e constituirá un Comité de Seguridade da Información para garantir o cumprimento do ENS e establecer a organización da seguridade da información.

6.1 Roles ou perfís de seguridade

Créanse os seguintes roles ou perfís de seguridade e désígnanse os cargos ou órganos que os ocuparán:

6.1.1 Responsable da información e dos servizos: as funcións do cal as exerce a Alcaldía, cos seguintes roles e funcións:

6.1.1.1 Responsable da información, coas funcións de establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables á información dentro do marco establecido no anexo I do Real decreto 311/2022 e nas guías CCN-STIC e aceptar os niveis de risco residual que afecten á información

6.1.1.2 Responsable do servizo, coas funcións de establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo dentro do marco establecido no anexo I do Real decreto 311/2022 e nas guías CCN-STIC e aceptar os niveis de risco residual que afecten ao servizo

6.1.2 Responsable da seguridade: as funcións do cal as exerce a Secretaría, co rol de Responsable da seguridade, que ten as seguintes funcións:

6.1.2.1 Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da información manexada e dos servizos electrónicos que prestan os sistemas de información



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

6.1.2.2 Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información

6.1.2.3 Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias e elaborar documentación do sistema

6.1.2.4 Proporcionar asesoramento para determinar a categoría do sistema en colaboración co responsable do sistema

6.1.2.5 Participar na elaboración e na implantación dos plans de mellora da seguridade e, de ser o caso, nos plans de continuidade, validándoos

6.1.2.6 Xestionar as revisións externas ou internas do sistema

6.1.2.7 Xestionar os procesos de certificación

6.1.2.8 Remitir á Alcaldía a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema

6.1.3 Responsable do sistema: as competencias do cal exerce a normalizadora lingüística e persoal de apoio á Secretaria, co rol de Responsable do sistema, que ten seguintes funcións:

6.1.3.1 Paralizar ou suspender o acceso á información ou a prestación do servizo, se coñece que presentan graves deficiencias de seguridade

6.1.3.2 Desenvolver, operar e manter o sistema da información durante todo o ciclo de vida

6.1.3.3 Elaborar os procedementos operativos necesarios

6.1.3.4 Definir a topoloxía e a xestión do sistema da información e establecer os seus criterios de uso e os seus servizos dispoñibles

6.1.3.5 Asegurarse de que as medidas específicas de seguridade se integren adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade

6.1.3.6 Prestar asesoramento ao responsable de seguridade para determinar a categoría do sistema

6.1.3.7 Colaborar se é necesario en elaborar e implantar os plans de mellora da seguridade e os plans de continuidade, se é o caso

6.1.3.8 Realizar as seguintes funcións de administradora da seguridade do sistema:

6.1.3.9 Xestionar, configurar e actualizar o hardware e o software nos que se basean os mecanismos e os servizos de seguridade, se é o caso

6.1.3.10 Xestionar as autorizacións concedidas ás persoas usuarias do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado

6.1.3.11 Aprobar os cambios na configuración vixente do sistema da información

6.1.3.12 Asegurar que se cumpren estritamente os controles de seguridade establecidos

6.1.3.13 Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o sistema de información

6.1.3.14 Supervisar as instalacións de hardware e de software, as súas modificacións e as melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento se axustan ás autorizacións pertinentes

6.1.3.15 Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e polos mecanismos de auditoría técnica

6.2 Comité de seguridade da información

Constitúese o Comité de seguridade da información como órgano colexiado e está formado polos seguintes membros:



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Presidente: Alcalde

Secretario: auxiliar administrativa, María Jose Sueiro Pose

Vocais: a responsable de seguridade e a responsable do sistema e o Delegado de protección de datos: que exerce RB Soluciones e do que é responsable do tratamento o administrativo José Manuel Ordóñez Barca, funcionario. Ten as funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección.

Poderanse incorporar con carácter excepcional grupos de traballo especializados de carácter interno, externo ou mixto.

Os membros do Comité serán renovados cada catro anos ou con ocasión de vacante.

As funcións do Comité son as seguintes:

6. 2.1 Atender as solicitudes en materia de seguridade da información da administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou das áreas informando regularmente do estado da seguridade da información

6.2.2 Asesorar en materia da información

6. 2.3 Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas

6.2.4 Promover a mellora continua do sistema de xestión da seguridade da información. Para iso encárgase de:

- Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de seguridade da información para asegurar que son consistentes, están aliñados coa estratexia decidida na materia e se evitan duplicidades

- Propoñer plans de mellora da seguridade da información con dotación orzamentaria e priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos son limitados

- Asegurarse de que a seguridade da información se teña en conta en todos os proxectos desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular, deberá asegurarse de crear e utilizar servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoiem un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas Teoría da Información e Comunicación (TIC)

- Realizar un seguimento dos principais riscos residuais que asuma a administración e recomendar posibles actuacións respecto deles

- Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto deles

- Elaborar e revisar regularmente a política da información para que a aprobe o órgano competente

- Elaborar a normativa de seguridade da información para que se aprobe en coordinación coa dirección xeral

- Verificar os procedementos de seguridade da información e a demais documentación para aprobalos

- Elaborar programas de formación destinados a formar e a sensibilizar ao persoal en materia de seguridade da información e en materia de protección de datos de carácter persoal, en particular

- Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios desde o punto de vista da seguridade da información

- Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigas da administración en materia da seguridade da información



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

6.3 Procedemento de designación

O alcalde designou os responsables identificados nesta Política e notificoullo ás partes afectadas.

Revisaranse os roles de seguridade cada catro anos no caso de que exista unha vacante, que se deberá cubrir no prazo de un mes seguido o mesmo procedemento.

6.4 Resolución de conflitos

O Comité de seguridade da información resolverá os conflitos entre as persoas responsables.

7 Datos de carácter persoal

O Concello de Ponteceso cumpre cos principios e coas obrigas da normativa vixente, entre outras co Regulamento 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos-RGPD) e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, respectando o dereito fundamental á protección de datos persoais, á intimidade e ao resto dos dereitos fundamentais recoñecidos tanto na lexislación e nos tratados internacionais como na Constitución.

8 Desenvolvemento da política de seguridade da información

O cumprimento dos obxectivos marcados nesta Política realízase mediante o desenvolvemento da documentación que compón as normas e os procedementos de seguridade asociados ao cumprimento do ENS. Definiuse unha norma para xestionar a documentación que establece as directrices para a organización, a xestión e o acceso.

A revisión anual desta Política correspóndelle ao Comité de seguridade da información que proporá melloras, de ser o caso. As melloras deberaas aprobar o mesmo órgano que aprobou a Política inicialmente.

9 Terceiras partes

Faráselles partícipe desta Política a outros organismos cos que se preste servizos ou se manexe información. O Concello de Ponteceso definirá e aprobará as canles para coordinar a información e os procedementos de actuación para reaccionar antes incidentes de seguridade, así como o resto das actuacións que o Concello realice en materia de seguridade en relación con outros organismos.

Cando o Concello de Ponteceso utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros faráselles partícipe desta Política e da normativa de seguridade que exista e



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

que corresponda a eses servizos ou información. Esa terceira parte quedará suxeita ás obrigas establecidas na citada normativa e poderá desenvolver os seus propios procedementos operativos para cumprila. Estableceranse procedementos específicos de comunicación e de resolución de incidencias.

Garantírase que o persoal de terceiros estea adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta Política.

Do mesmo xeito, os operadores privados que presten servizos ou que proporcionen solucións ás entidades públicas deberán estar en condicións de exhibir a correspondente Declaración de conformidade co ENS cando se trate de sistemas de categoría Básica ou a Certificación de conformidade cando se trate de sistemas de categoría Media ou alta, tendo en conta a obriga de cumprir co disposto nas instrucións técnicas de seguridade recollidas na Disposición adicional segunda (Desenvolvemento do ENS) do Real decreto 311/2022, do 3 de maio polo que se regula o ENS.

A persoa responsable da seguridade informará sobre os riscos nos que incorre unha terceira parte que non pode satisfacer algún aspecto desta Política e a forma de tratar ese aspecto. A persoa responsable da información e dos servizos deberán aprobar o informe antes de iniciar a relación coa terceira parte.

10 APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Esta política entrará en vigor dende o día seguinte da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP así como na sede electrónica do Concello.

O Alcalde
Jose Manuel Mato Martínez

A Secretaria
Antía Pena Dorado (dou
fe aos efectos do artigo 3.2 do Rd128/2018)